

## UGT-GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN ESTE DOMINGO NA MANIFESTACIÓN QUE SAIRÁ ÁS 12 DA ALAMEDA COMPOSTELANA EN DEFENSA DA ATENCIÓN PRIMARIA E DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

**Redacción.-** UGT-Galicia chama á participación o vindeiro domingo, día 12, na manifestación que SOS Sanidade Pública, plataforma da que UGT forma parte, convoca a partir das 12 horas con saída da Alameda de Santiago.

O Sindicato chama aos participantes de UGT a que se concentren xa a partir das 11.30 horas no paseo central da Alameda para poder saír todo xuntos na manifestación.

SOS Sanidade Pública denuncia falta de persoal, de orzamentos e carencias na organización, así como as limitacións no acceso da poboación aos centros de saúde, aos ser-

vizos de pediatría e aos PAC. As organizacións que a integran denuncian a deterioración da principal porta de acceso á sanidade pública, así como do conxunto do sistema sanitario, como se pode comprobar co colapso das urxencias e o aumento das listaxes de espera.

Esta gran mobilización en Santiago é o colofón a todas as mobilizacións que durante estes últimos meses se foron sucedendo por toda a xeografía galega, así como, á recollida de sinaturas para impulsar unha ILP a prol e en defensa da atención primaria en Galicia. Máis de 55.000 sinaturas foron presentadas o pasado día 7 no Parlamento galego para avalar esta ILP.



## SOFÍA LYKHOHRAY RECIBE O PREMIO ROGELIA MARIÑA POLO SEU TRABALLO ACTIVO A FAVOR DO POBO UCRAÍNO

**Redacción.-** UGT FICA Galicia entregou o pasado venres o Premio Rogelia Mariña, na súa terceira edición, a Sofía Lykhohray polo seu traballo activo a prol do pobo ucraíno e tamén como símbolo de recoñecemento xeral a este pobo que a está a sufrir os efectos devastadores dunha cruel e longa guerra.

Sofía Lykhohray é unha ucraína afincada en Galicia, filla dun soldado da extinta Unión Soviética, que chegou a esta Comunidade hai 15 anos onde vive no Concello de Coles (Ourense). A guerra que está a sufrir Ucraína dende febreiro de 2022 fai nacer en Sofía a necesidade de axudar ao seu pobo, tomando así a iniciativa de abrir unha campaña de recollida de produtos de primeira necesidade, que realizou en colaboración con UGT, para facelos chegar ao seu país. Sofía segue axudando de xeito altruísta ás persoas ucraínas que chegan a Galicia e que se poñen en contacto con ela.

Ao acto asistiron, entre outros, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez; o secretario xeral de UGT FICA, Mariano Hoya; o secretario xeral de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro; o secretario xeral de UGT Galicia, José Antonio Gómez; o secretario xeral do PSdeG, Valentín González; e o delegado do Goberno en Galicia, José Manuel Miñones.

Todos eles, nas súas intervencións, expresaron o seu apoio e solidariedade co pobo ucraíno e coa súa clase traballadora, coas vítimas desta inxusta guerra e coas persoas traballadoras ucraínas que residen en España e que están a vivir con moita dor na distancia esta guerra.



Tamén tiveron todos nas súas intervencións palabras de recoñecemento para a premiada, pola súa labor constante e desinteresada de apoio aos seus compatriotas, traballando, en colaboración con UGT, na campaña de recollida de material e envío a Ucraína, e traballando tamén no día a día cos ucraínos que están en Galicia e que reclaman a súa axuda. Neste senso, o secretario xeral de UGT-Galicia, na súa inter-



Ucraina segue a precisar da nosa axuda e solidariedade e apostou porque entre todos e todas traballamos dun xeito activo a prol da paz, a democracia e solidariedade.

Pola súa banda, Sofía Lykhohray mostrouse moi agradecida polo premio, que fixo exten-

fensa do seu territorio.

Lembrar que os Premios Rogelia Mariña foron creados por UGT FICA Galicia como recoñecemento á loita que Rogelia tivo que emprender na súa empresa, Sargadelos, pola liberdade sindical e na defensa dos dereitos dos seus compañeiros e compañeiras. O que levou, incluso, a unha gran mobilización convocada por UGT na Mariña o 23 de novembro de 2018.

ención, lembrou como foi o momento no que Sofía se puxo en contacto co Sindicato, a través do Centro de información e asesoramente sociolaboral para inmigrantes, que UGT ten en Ourense, e a partir daquí como comezou a funcionar a maquinaria, recolleuse o material a aos poucos días, o 17 de marzo, un camiión saíu de Coles rumbo a Polonia (na fronteira con Ucraína). Fixo fincapé en que isto non terminou e

sivo a todos os seus compatriotas e tamén á UGT, polo apoio á súa iniciativa solidaria, e tivo un recordo especial para os ucrainos e ucrainas que loitan en de-



## DESCONVOCADA A FOLGA NOS SERVIZOS DE ORA E GUINDASTRE NA CORUÑA

**Redacción.-** FeSMC-UGT-Coruña informa que a folga nos servizos da ORA e guindastre da Coruña, que estaba prevista para os días 7, 14 e 28 de febreiro, tras numerosas

mobilizacións, queda desconvocada.

O pasado luns a patronal Asesga, UGT, CCOO e os membros do comité de folga negociaron durante

toda a xornada, coa mediación do CGRL, ata chegar a un preacordo que foi ratificado por unha ampla maioría na asemblea de traballadores.

## UGT LOGRA UNHA SUBIDA DE SALARIO REAL DO 4,5% NO BANCO SANTANDER

**Redacción.-** Moita foi a presión que UGT exerceu nos medios, moitas as circulares que emitiu, as concentracións e moita a colaboración que tivo de todas as persoas que integran este sindicato, empezando polo secretario xeral, Pepe Álvarez, que decidiu apoiarnos mesmo diante do presidente do Goberno.

Grazas ao persoal, ao seu esforzo, á súa constancia, ao seu traballo... grazas a todos os que integramos Banco Santander obtivéronse beneficios récord.

Os empregados son a alma desta empresa e, por fin, Banco Santander parece darse conta. Un esforzo conxunto que fai que entre todos e todas poidamos ver, de forma definitiva, unha subida de soldo real. Banco Santander non compensa nin absorbe a subida salarial.



En 2024 reunirase unha nova mesa do convenio. Nesa mesa esperamos estar a representar aos tra-

balladores e traballadoras de Banco Santander, loitando de forma certa para conseguir importantes melloras.



# ACORDO HISTÓRICO NAS TENDAS DO GRUPO INDITEX

**Redacción.-** Onte, ás 21 horas, alcanzouse un acordo histórico co Grupo Inditex que afectará a todas as tendas das diferentes marcas do Grupo en toda España.

Despois de que no mes de outubro comezasen as negociacións, dáse por finalizado este proceso, cun acordo que soluciona moitas das inxustizas que se producían no Grupo e, por fin, empeza un camiño de homoxeneidade nas distintas marcas e territorios.

Aínda que xa se foron adiantando partes do contido do acordo, no seu conxunto recolle:

## Salario mínimo garantido

Establécese un salario mínimo fixo Inditex para o conxunto das persoas traballadoras das tendas do Grupo. Independentemente do convenio colectivo de aplicación no seu salario fixo, sen contar os conceptos vinculados á antigüidade, así como todos os conceptos variables (comisións, incentivos, nocturnidade,...) e os pluses que abona inditex que non aparecen en convenio.

Ningunha persoa cobrará menos de:

Grupo I: 18000€/ano (Dependentia e caixeira menos de 18 meses de antigüidade).

Grupo II: 20000€/ano (Dependentia e caixeira de 18 meses a 4 anos de antigüidade).

Grupo III: 22000€/ano (Dependentia e caixeira de 4 anos de antigüidade en diante).

Grupo IV: 24500€/ano (Responsables, caixeira central).

A estas cantidades dos grupos sumáranlles os conceptos vinculados á antigüidade, así como todos os conceptos variables (comisións, incentivos, nocturnidade,...) que aparezan en cada convenio colectivo de aplicación e os pluses ou complementos que abona Inditex e non aparecen no convenio colectivo de aplicación, nos territorios que os teñan.

As persoas traballadoras dos Grupos II, III e IV, cuxos ingresos fixos estean por encima das cantidades antes mencionadas, garáteselles un mínimo de 600€/ano ou a que resulte necesaria para que a diferenza coa garantía de ingresos fixos anuais sexa de 1000€/ano.

As cantidades fixadas anteriormente incrementásense conforme ao IPC en cada un dos anos de vixencia.

Abonarase en 12 mensualidades. Todos os importes son para xornadas completas, prorrateándose para xornadas parciais.

Con estas cantidades hai territorios en España que terán unha subida de máis de 6000€/ano e supón unha subida media dun 20%, os territorios con salario máis baixo chegan a un 40% de subida, sen contar os puntos seguintes.

## Axudas sociais

450€ nacemento de fillo/a; ata 170€/mes guardería e/o comedor (sempre que non sexa gratuíta), por fillo/a; 200€/ano material escolar por fillo/a, de 3 a 18 anos; ata 500€ universidade por fillo/a; 600€ adopción internacional.

Mellora da axuda existente:

Incluír na axuda de familiar a cargo cunha discapacidade do 33% ou máis o grao de dependencia I e II, e subir a cantidade a 200€/mes, ata 2 grao de consanguinidade e afinidade. Inclúese á persoa traballadora.

Isto supón acabar cunha inxustiza que existía no Grupo Inditex, ata o de agora o persoal de tendas era o único persoal que non se beneficiaba deste tipo de axudas.

## Domingos e festivos

Os domingos que se realicen fóra da xornada ordinaria e/o voluntarios abonaranse a 12€/hora máis unha hora libre ou 24€/hora a elección da persoa traballadora.

Os domingos que sexan xornada ordinaria abonaranse a 10€/hora.

Os festivos, sexa ou non xornada ordinaria, abonaranse a 12€/hora máis unha hora libre ou 24€/hora a elección da persoa traballadora.

Desta maneira, sóbese a cantidade dos que máis cobraban por estes conceptos, e iguálase para todas as marcas e para todos os territorios.

## Clasificación profesional, contratos tempo parcial, fins de semana libre e sistema comisións



Adquírese un compromiso de que nos próximos meses abrírase unha mesa de negociación para adxudicar a categoría profesional que corresponda naqueles territorios onde non é así.

Do mesmo xeito que para regular os contratos a tempo parcial, a libranza de fin de semana e o sistema de comisións, en particular no caso de Massimo Dutti.

## Comisión por venda

Sóbese a porcentaxe de comisión para todas as marcas a un 1,4%. Compromiso de cambiar o sistema de comisións de Massimo Dutti para que pase a comisión global.

Isto garante unha subida nas comisións en todas as marcas, sendo igual para todas. Actualmente, a comisión por venda oscila entre o 0,8%, a marca que menos ten, e 1,2% a que máis.

## Incentivo Especial (BONUS)

Na nómina de febreiro de 2023 e na de 2024 todo o persoal das tendas cobrará 1000€ (contratos de 24 horas ou máis) e 600€ (contrato de menos de 24 horas).

O acordo terá unha vixencia de tres anos, empezará a aplicarse na nómina de marzo de 2023 e terá carácter retroactivo desde xaneiro de 2023.

Isto garante que á finalización do mesmo as partes volverán sentarse a negociar para seguir avanzando na mellora das condicións de traballo, o que supón un fito histórico nas tendas do grupo Inditex.

Este tipo de negociacións dábanse nas fábricas e nas loxísticas pero nunca nas tendas do Grupo, tendo este unha afectación de máis de 36.000 persoas traballadoras.

## A FUNDACIÓN LUÍS TILVE ORGANIZA ESTE SÁBADO NA CORUÑA UN ACTO SOBRE O PATRIMONIO CORUÑÉS DURANTE O FRANQUISMO

**Redacción.-** A Fundación Luís Tilve organiza o vindeiro sábado, día 11, a partir das 19.00 horas no Sporting club casino da Coruña un acto de análise e debate sobre a memoria histórica centrado no patrimonio coruñés durante o franquismo. Falárase sobre o Pazo de Meirás ou a Casa Cornide, legalidade e lexitimidade.

### Varias intervencións previstas

### e temas de debate, como o Pazo de Meirás ou a Casa Cornide

Intervirán o profesor de Historia da USC Emilio Grandío; Ana Romero Masiá (Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses); Rafael Arangüena, secretario de Xustiza do PSdeG; José Alfeirán (Comisión Pazo Meirás); e Chero Celemín, concelleiro de Memoria histórica do Concello da Coruña.

**MEMORIA HISTÓRICA:**  
PATRIMONIO CORUÑÉS DURANTE O FRANQUISMO

11 Febreiro  
As 19:00 horas

FALAREMOS SOBRE

- PAZO DE MEIRÁS
- CASA CORNIDE
- LEGALIDADE
- LEXITIMIDADE

Lugar: Sporting Club Casino

EMILIO GRANDÍO  
Profesor de Historia da USC

ANA ROMERO MASIÁ  
Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses

RAFAEL ARANGÜENA  
Secretario de Xustiza do PSdeG

JOSÉ ALFEIRÁN  
Comisión Pazo de Meirás

CHERO CELEMÍN  
Concelleiro de Memoria Histórica

ORGANIZA: LUIS TILVE FUNDACIÓN

## UGT SOLIDARÍZASE COS AFECTADOS POLO TERREMOTO EN TURQUÍA E SIRIA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) expresa a súa solidariedade con Turquía e Siria e con todas as persoas afectadas polo brutal terremoto que sacudiu o sueste turco, na fronteira co segundo país e que se cobrou miles de vítimas mortais, feridos e persoas desaparecidas.

Ao terrible desastre súmase o feito de que moitas das vítimas se agolpen no norte de Siria, unha rexión cruelmente azoutada pola guerra, onde varios millóns de persoas refuxiadas viven en campamentos a ambos os dous lados da fronteira. Hai que mencionar tamén que as zonas kurdas víronse seriamente afectadas.

UGT quere poñer en valor o esforzo e dedicación do persoal dos servizos de emerxencia que está a traballar duramente tanto na atención a feridos como en facilitar o acceso ás zonas afectadas polo terremoto, e mostra a súa solidariedade cos compañeiros e compañeiras das centrais TÜRK-İS, HAK-İS, KESK e DISK e a súa admirable reacción ante a catástrofe. Así mesmo, UGT felicita ao Goberno de España polo envío urgente de axuda para colaborar nos labores de procura e reconstrución.

Toda a axuda internacional será funda-



mental para que poida superarse o que se considera xa un dos maiores terremotos sufridos na rexión. UGT quere destacar o feito de que Rusia e Ucraína anunciásen xa en envío de axuda. Un xesto encomiable que devolve a fe na convivencia pacífica dos Estados ante os horrores da guerra e as catástrofes.

## O WHATSAPP PODE SER UTILIZADO COMO PROBA NUN XUÍZO

**Redacción.-** O Servizo de Estudos de UGT elaborou un documento sobre o uso do Whatsapp no ámbito laboral, para determinar as súas implicacións cos dereitos fundamentais, o seu uso como medio de proba nun xuízo e os pronunciamentos xudiciais sobre determinadas materias. UGT advirte que hai que establecer as funcións e límites do uso desta aplicación como ferramenta de traballo, para o que é fundamental a negociación colectiva.

41 millóns de españois utilizan redes, entre as que se inclúen as aplicacións de mensaxería, sendo o WhatsApp a preferida polo 91% dos usuarios. En moitas ocasións, utilízase esta aplicación para cuestións laborais, polo que non é de estrañar que no ámbito xurídico os tribunais víronse obrigados a pronunciarse sobre a súa delimitación e alcance.

A maior parte dos problemas que se derivan do uso de WhatsApp como ferramenta de traballo afectan á protección de dereitos fun-

damentais como a liberdade de expresión, o secreto das comunicacións, o dereito á intimidade, á honra, á protección de datos, así como ao dereito á desconexión dixital e á prevención de riscos psicosociais.

É fundamental saber quen é o propietario do dispositivo no que se descarga a aplicación para establecer límites e dereitos. Por exemplo, a efectos de inspeccionar as mensaxes cando o teléfono pertenza á empresa, será determinante a existencia de regras claras sobre as condicións dun posible uso privado ou sobre a súa prohibición.

E se se trata do dispositivo persoal da persoa traballadora, sempre se requirirá o seu consentimento libre, expreso e revocable para poder usar esta aplicación no ámbito laboral. Ante a falta de posición do Tribunal Supremo, os Tribunais Superiores de Xustiza pronunciáronse, de forma reiterada, sobre estas cuestións, mantendo en moitos casos criterios dife-

rentes. Pero no que si coinciden é que as conversacións mantidas por WhatsApp serven para fixar a convicción do xuíz sobre os feitos, e que deben concorrer unha serie de requisitos para garantir a autenticidade e integridade do seu contido (incluíndo se é necesario unha proba pericial informática) ante a facilidade coa que se poden manipular.

Así, os WhatsApp teñen un papel relevante en orde á súa utilización como posible medio de proba, como se comproba en numerosos pronunciamentos xudiciais. Por exemplo, grazas á capacidade de deixar constancia das mensaxes, puidéronse desenmascarar relacións propias dun contrato de traballo, modificacións substanciais das condicións de traballo (debido ao cambio de horarios e cuadrantes), etc. O sindicato advirte que, se se vai a utilizar o WhatsApp como medio de comunicación e ferramenta de traballo, garántase o cumprimento das normas e establézanse as funcións e os límites.

## É NECESARIA UNHA MELLORA SUBSTANCIAL DO PROXECTO DE LEI DE MOBILIDADE SOSTIBLE

**Redacción.-** UGT, T&E, ECODES, CCOO, Greenpeace, Ecoloxistas en Acción, CECU, Fundación Renovables, PX1NME, ECO-UNIÓN, AMBE, CONBICI, PTP e o Consello da Mocidade de España presentaron en rolda de prensa as emendas ao proxecto de Lei de mobilidade sostible, que inicia o seu trámite parlamentario no Congreso.

O técnico da área de Medio Ambiente de UGT, Manuel Riera, destacou durante a súa intervención que este proxecto de Lei “é decepcionante e se queda así será unha oportunidade perdida”. Neste sentido, destacou que “carece de obxectivos de descarbonización, nun sector que é o principal emisor de gases de efecto invernadoiro, carece de concreción e hai aspectos básicos, como o financiamento, que deixan moito que desexar”.

Riera sinalou que, tras manter reunións con distintos grupos políticos, “temos a esperanza de que, neste último trámite parlamentario, aínda que sexa por vía de urxencia, prodúzase un cambio substancial neste proxecto de Lei”. “Non temos tempo, necesitamos medidas urxentes, ambiciosas e transformar este sector, que é o que máis gas de efecto invernadoiro xera no noso país. Todo iso baseándonos na transición xusta”. Para o que é necesario fomentar a formación dos traballadores e tra-



balladoras.

Riera dixo, ademais, que este proxecto de Lei queda curto en canto aos plans de mobilidade sostible nos centros de traballo. Remite á negociación colectiva estes plans, pero só están obrigadas as empresas a partir de 500 traballadores, 250 por quenda. Ademais, dáselles un prazo de 24 meses para elaborar o plan. “Nós reivindicamos que todas as empresas de máis de 100 persoas traballadoras deberían ter un plan de mobilidade sostible ao traballo”. Así mesmo, reclamou a participación sindical non só na elaboración destes plans, senón tamén no desenvolvemento e na avaliación dos mesmos. Ademais, esta lei ten un carácter moi urbano. Neste sentido, lembrou que “a mobilidade sostible no mundo rural debe avan-

zar moitísimo”.

Pola súa banda, Carlos Bravo de T&E denunciou que non houbo debate social, nin público, que esta Lei vai con atraso e ademais agora quérese tramitar polo procedemento de urxencia. Destacou as principais carencias desta lei e as propostas das organizacións sociais para lograr un transporte eficaz enerxeticamente e sostible, no obxectivo de lograr unha emisión cero de gases contaminantes.

Carmen Duce, de Ecoloxista en Acción, fixo fincapé nas dificultades de moitas persoas para acceder a un transporte público de calidade, incidindo no mundo rural, e pediu máis financiamento para a descarbonización do transporte.

## RELADORES DA ONU RECLAMAN AO GOBERNO MELLORAS NA LEI DE VIVENDA

**En liña coas reivindicacións de UGT, sinalan que a Lei non é suficiente e reclaman recoñecer o dereito á vivenda como dereito humano ou maior protección aos máis vulnerables**

**Redacción.-** As negociacións sobre a Lei de Vivenda encaran a súa recta final, tras dous anos de bloqueo. O 24 de xaneiro anunciouse a constitución do relatorio da norma na Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Congreso dos Deputados, o que supón o último paso antes de que o texto pase a ser discutido e debatido no Pleno do Congreso.

O Goberno espera aprobar o texto definitivo antes do mes de marzo, dando luz á que sería a primeira Lei estatal de vivenda da democracia e esta semana relatores especiais da ONU enviaron unha carta ao Goberno de España na que avisan de que a Lei non é suficiente para garantir de forma real e efectiva o dereito á vivenda.

Aínda que os relatores encomian o esforzo do Goberno por desenvolver unha Lei

necesaria, aínda que con moitos anos de atraso, na súa carta demandan as áreas que se deben mellorar:

- O dereito á vivenda debe ser consagrado como un dereito humano.
- A igualdade de trato e a non discriminación.
- Protección de grupos vulnerables.
- Dereito humano a unha vivenda adecuada.
- Protección ás persoas vulnerables fronte aos desaloxos.
- Establecer obxectivos claros para ampliar progresivamente o moi limitado stock de vivendas sociais.

- Mellorar o sistema de contención de alugueiros para que cubra todas as vivendas de alugueiro en mercados tensos.

### UGT demanda blindar a protección do dereito á vivenda

Unhas reivindicacións recollidas xa pola Iniciativa da Lei de Vivenda da que UGT é promotora e parte activa.

O sindicato defende que a Lei polo Dereito á Vivenda debe blindar, definitivamente, a protección deste Dereito Humano, paralizandoo e impedindo os desafuzamentos sen alternativa habitacional adecuada e asegurando un aloxamento en condicións adecuadas como primeira intervención social, o cal implica ampliar o parque público de vivendas e regular o mercado de alugueiro